

NOTA DE PRENSA

Día do Libro no MARCO

Xoves 23 de abril 2020

O MARCO celebra o Día do Libro cunha sesión especial de contacontos *online* para público familiar, un avance da súa publicación sobre o artista Manuel Colmeiro, e unha nova edición da experiencia de *Bookcrossing* na rede, en colaboración con outros museos e centros de arte.

#DíadoLibro #DíadelLibro #BiblioMARCO #MARCOencasa #euquedonacasa



Sesión de contacontos *online*, con María Xosé Martínez

“As luces que se acenden e se apagan”, baseado no libro de Ramón Trigo (Editorial Kalandraka)

Emisión: xoves 23 abril ás 12.00, a través da web do MARCO, redes sociais e Youtube

Unha iniciativa da Biblioteca-Centro de documentación do MARCO para público familiar.

<https://bit.ly/2VoT1o6>

Maria Xosé Martínez, membro do equipo de didáctica do MARCO e autora con ampla experiencia en actividades educativas para público infantil e familiar, ofreceranos en primicia unha **sesión de contacontos teatralizada**, baseada na historia do artista, ilustrador e escritor Ramón Trigo, no seu libro *As luces que se acenden e se apagan* (Editorial Kalandraka). A actividade será accesible a través da web do MARCO, o seu perfil en redes e o seu canle de Youtube. Unha excelente oportunidade para compartir en familia esta experiencia dirixida a públicos de todas as idades!

Cada quen ten unha luz que se ilumina na súa cabeza cando xorden boas ideas...

Quen non desexa que os seus soños se fagan realidade cando menos unha vez na vida???

Esta historia convidanos a reflexionar sobre a nosa percepción de nós mesmos no mundo, sobre os nosos desexos, a forza da vontade, o tesón e a superación dos nosos propios medos.


Isto e moito máis podemos aprender a través desta sinxela e fermosa narración que permite adentrarse no universo creativo dos artistas...

+ INFO <http://www.marcovigo.com/content/novas>

Avance publicación

Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos

Catálogo da exposición producida polo MARCO e comisariada por X. Carlos L. Bernárdez



Tal como estaba previsto dende a xornada inaugural, no MARCO continúaase a traballar a fondo no deseño e contidos da publicación *Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos*, resultado da exposición do mesmo nome, á espera de poder percorrela de novo en directo nas salas do 1º andar.

Producida polo MARCO e comisariada por X. Carlos L. Bernárdez, tanto a mostra como a publicación configúranse a partir dunha coidada investigación e relectura do sentido, obxectivos e incidencia da obra dun dos pintores chave na historia da arte galega.

+ INFO <http://www.marcovigo.com/content/manuel-colmeiro-espazos-e-encadramentos>

Bookcrossing 2020

Este ano na rede!

En colaboración con outros Museos e centros de arte

#Bookcrossing2020

Un ano máis, o MARCO súmase á experiencia de *Bookcrossing* promovida dende o ARTIUM de Vitoria-Gasteiz, e na que cada edición participan numerosos museos e centros de arte. Dadas as especiais circunstancias da crise sanitaria, este 2020 a iniciativa condúcese a través da rede, mediante un vídeo conxunto en Vimeo onde os centros participantes comparten de xeito virtual as súas publicacións seleccionando un libro que forma parte da súa colección, e uníndose nesta campaña de fomento da lectura e de difusión da cultura contemporánea.

<https://vimeo.com/410237578/9fe41d8f68>

Contacto Dpto. Comunicación y prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

comunicacion@marcovigo.com